



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Literaturas de Lingua Portuguesa	Código	613G02039	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Portugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Profesorado	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo introdutorio, a través dos textos, das principais etapas, movementos, autores e obras da literatura brasileira.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Aplicar a análise e o comentario críticos a textos e discursos literarios e non literarios, utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2	B3	
	A11	B7	
Aplicar a avaliación crítica ao estilo dun texto e á formulación de propostas alternativas e correccións.	A10		
Identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14	B1	
		B3	
Aplicar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
		B3	
Resolver problemas coa capacidade de autoformación adquirida.	A2	B3	
	A20	B6	
		B7	
Aplicar as capacidades de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.	A15	B1	
		B3	
		B6	
		B7	



Aplicar analítica e sinteticamente a avaliación ponderada, o coñecemento e o exercicio do pensamento crítico.	A2 A10 A11 A20	B1 B7	
Resolver a capacidade de expresión e comprensión da forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura brasileira. Noções preliminares.	1.1. Unidade e diversidade 1.2. Parâmetros definitórios básicos
2. O século XIX	2.1. O Romantismo e a nacionalidade literária: Gonçalves Dias, Castro Alves e José de Alencar 2.2. Realismo e Naturalismo: Machado de Assis
3. Os séculos XX e XXI	3.1. O Modernismo: Mário de Andrade, Oswald de Andrade e Manuel Bandeira. 3.2. Tendências narrativas e poéticas do século XX: Graciano Ramos, Guimarães Rosa, Clarice Lispector, Drumond de Andrade. 3.3. A actualidade literária brasileira.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A20	14	21	35
Obradoiro	A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6	22	33	55
Lecturas	A2 A14 A20 B3 B6 B7	1	30	31
Traballos tutelados	A2 A11 A14 A15	1	10	11
Recensión bibliográfica	A11 A15	1	4	5
Presentación oral	A11 A15 B3 B7 C2	1	1	2
Proba mixta	A2 A10 A11 A20 C2	2	8	10
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades poderán contemplarse, alén doutras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso.
Traballos tutelados	Texto(s) orai(s) e/ou escrito(s) en que o alumnado analizará, seguindo un roteiro fornecido polo profesor, algunha(s) da(s) obra(s) de lectura obrigatoria.
Recensión bibliográfica	Reseña(s) avaliativa(s) de determinadas aportacións bibliográficas.
Presentación oral	Presentación oral dalgún(s) dos comentarios de textos realizados.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais de diferente tipo, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada unha das actividades ao longo do curso e segundo a planificación da materia.</p> <p>O alumnado con dispensa académica deberá entrar en contacto co profesor ao inicio do curso para fixar as actividades e traballos substitutivos da asistencia académica que necesariamente deberá realizar.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6	Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía. Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade tipolóxica.	20
Lecturas	A2 A14 A20 B3 B6 B7	Terán de realizarse as lecturas obrigatorias por parte do alumnado, sendo avaliadas ao longo do desenvolvemento das aulas. O control destas lecturas será realizado por medio de recensións "ad hoc" e/ou en sesións específicas na sala de aulas, avaliando a capacidade de comprensión e a síntese estruturada das principais ideas contidas nos materiais obxecto da lectura, en relación cos contidos focados e as competencias previstas na materia.	10
Traballos tutelados	A2 A11 A14 A15	Texto(s) orai(s) e/ou escrito(s) en que o alumnado, seguindo un roteiro fornecido polo profesor, analizará algunha(s) da(s) obra(s) de lectura obrigatoria, avaliándose a súa precisión e o seu axeitamento aos contidos e ás competencias previamente formulados. Son obxecto de avaliación a presentación oral do traballo tutelado e da lectura analítica do texto breve seleccionado de acordo co profesorado da materia. Para alén do antes referido e da utilidade das presentacións para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipo.	15
Recensión bibliográfica	A11 A15	Avaliación da adecuación, sustentabilidade e pertinencia dos xuízos emitidos na(s) reseña(s) avaliativa(s) de determinadas aportacións bibliográficas.	5
Presentación oral	A11 A15 B3 B7 C2	Avaliación da capacidade expositiva e da profundidade e adecuación dos contidos expostos na presentación oral dalgún dos comentarios de textos realizados. Para alén do antes referido e da utilidade das presentacións para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipo.	10
Proba mixta	A2 A10 A11 A20 C2	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais, avaliando tanto a precisión expresiva e contedística, canto o axeitamento do disertado, do comentado ou do analizado ás competencias a adquirir e aos obxectivos a atinxir, previamente formulados para cada unha das tres modalidades polo profesor.	40

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o alumno/a non asistira á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%

Fontes de información

Bibliografía básica	- Bosi, A. (1992). <i>História Concisa da Literatura Brasileira</i> . São Paulo: Cultrix - Massaud, M. (1980). <i>A literatura Brasileira através dos textos</i> . São Paulo: Cultrix - Stegagno-Picchio, L. (2004). <i>História da Literatura Brasileira</i> . Rio de Janeiro: Nova Aguilar Lecturas obrigatorias:1) <i>Iniciação à literatura brasileira ? Resumo para principiantes de Antonio Candido</i> (Humanitas/USP-FFLCH, São Paulo, 1999)2) <i>Dom Casmurro de Machado de Assis</i> 3) <i>Claro Enigma de Carlos Drummond de Andrade</i> 4) <i>Laços de Família de Clarice Lispector</i>
----------------------------	--

Bibliografía complementaria	
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías